



## a castaña

A castaña é un dos alimentos máis antigos da humanidade; dende o Paleolítico o home aproveitou e alimentouse de castañas e landras.

Ata hai poucos anos eran o alimento base da poboación europea en forma de froito fresco, seco, ou moídas en fariña. No século XVI viñeron patacas e millo de América, e pouco a pouco perderon protagonismo na dieta campesiña, sobre todo porque os castiñeiros foron atacados por enfermidades como a "tinta".

O castiñeiro é unha árbore nobre e non só produce castañas. Danos unha magnífica sombra en verán e leña no inverno. En simbiose produce uns maravillosos cogumelos, embelece a paisaxe, protexe e mellora o ecosistema humano.

A castaña proporciona uns beneficios considerables tanto polo valor real das exportacións como polo número de quilos comercializados directamente ou por medio de produtos derivados, especialmente das castañas confitadas.

As castañas prodúcense en Outono e no momento exacto de probar o viño novo, producido en setembro.



## O magosto

"Polo san Martiño faise o magosto con castañas asadas e viño ou mosto".

A palabra magosto procede do latín "magus ustus" que decir algo así coma gran

fogueira.

É unha festa de orixe pagá que xa se celebraba na Prehistoria. É unha festividade relacionada co culto á fecundidade, por iso ten relación co lume que representa o sol, deus fecundador da terra. Ten un carácter alegre e de dar grazias polos froitos recollidos. Tamén trata de simbolizar a morte do ciclo solar anual.

Segundo crenzas antigas a castaña era como o símbolo da ánima dos difuntos e cada castaña que estoupaba na fogueira era un ánima liberada.

Elemento básico do magosto son as castañas, nais e fillas de castiñeiros.

Tamén é básico o lume, que representa o deus sol dador de vida e elemento purificador.

Outro elemento importante é o viño, que representa o sangue da terra.

Pan de centeo e millo, empanadas, chourizos, patacas e augardente son outros elementos do magosto.

Ocupa un lugar importante a leña, outro froito da terra, para facer un bo lume.

¿Cando sabes da castaña?

¿Cando se fai o Magosto?

- 1- Polo San José
- 2- Polo San Martiño
- 3- Polo Nadal

¿Que quere dicir Magosto?

- 1- Quere dicir gran fogueira
- 2- Quere dicir gran festa
- 3- Quere dicir gran castaña

¿Con quen ten relación o Magosto?

- 1- Ten relación cos chourizos e o porco
- 2- Ten relación co viño e a vendima
- 3- Ten relación coa fecundidade e o lume

¿A quen representa o lume?

- 1- O lume representa á sol
- 2- O lume representa á lúa
- 3- O lume representa á terra

¿Que representaban as castañas nas crenzas antigas?

- 1- Representaban as ánimas dos difuntos
- 2- Representaban unha festa
- 3- Representaban un deus

¿Dende cando empregou o home as castañas?

- 1- Dende o século XX
- 2- Nunca as empregou
- 3- Dende o Paleolítico



¿Que produce o castiñeiro?. Escribeo.

Escribe outros elementos do Magosto

NO século XVI houbo un suceso que fixo perder importancia á castaña como base da dieta en Europa ¿Cal foi?

- 1- A peste que se estendeu por toda Europa e comer castañas empeoraba a enfermidade.
- 2- Os Reis Católicos talaron os castiñeiros galegos.
- 3- Viñeron patacas e millo de América

¿Qué enfermidade ataca ós castiñeiros?

- 1- Un fungo chamado "cormorán"
- 2- Unha enfermidade chamada "Cinta."
- 3- Unha plaga de abellas que produciu terribles enfermidades nas follas.

¿En que estacións consumimos as castañas?

- 1- Na primavera
- 2- No verán
- 3- No outono